

EXPOSICIÓNS PERMANENTES NA BIBLIOTECA REGO DA BALSA

Exposicións de traballos elaborados
por alumnas e alumnos dos centros
de ensino de Carballo.

Horario de visitas ás
exposicións:
Permanecerán abertas polas
tardes para o público en xeral.

Agradecemento a todo o profesorado
dos centros de ensino de Carballo pola
súa colaboración e implicación coa
Semana do Libro.



ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA
GALEGA

Fundación
Luis Calvo Sanz

Deseño Gráfico: Distrito Xermar

XVII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Do día 22 ao 26 de abril

Biblioteca Municipal
Rego da Balsa
CARBALLO



XVII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Actividades concertadas cos centros de ensino

• LUNS, 22 •

De Tin Marin de Soledad Felloza

Todas sabemos que os contos son algo moi máxico, quen conta e quen escoita xogan a facer realidade soños e fabulacións. *De Tin Marin*, son palabras moi coñecidas en moitos países de América Latina, boas para escoller a vez nun xogo, para esconxurar os trasnos, para facer maxia, e acompañan a Sole Felloza.

• MARTES, 23 •

Ándale, Bon Appétit! de Teatro Ghazafellos

Os nosos queridos xefes de cociña Felipe, Antonio e Francisco prepararán deliciosos pratos mexicanos facendo un pequeno repaso pola historia do país. Tamales, enchiladas, tacos... unha chea de receitas aderezados co humor dos Ghazafellos e acompañadas coa aparición de personaxes como Pancho Villa ou Frida Kahlo. Como sempre, a participación do público será imprescindible. Ándale!

• MÉRCORES, 24 •

Vicki e a felicidade de Bandullo azul

Vicki, un neno a quen lle encanta bailar e cantar, vive nunha aldea onde as persoas están sempre de mal humor. Un día, despois dunha conversa coa súa avoa, emprende

unha viaxe na procura do segredo da felicidade, coa idea de devolverlle a alegría á xente da aldea.

• XOVES, 25 •

A maleta da avoa de Raquel Queizás

Desde ben pequena escoitaba os contos da avoa á mañá, na merenda e, sobre todo, á noite. *A maleta da avoa* está chea de pequenos tesouros; nela vive a memoria. Dentro dela brincan trasnos, mouras, nenas espelidas, bonecas feitas con carozos de millo... Abrímolos?

Tralará de Marta Ortiz

Contos de antes e de agora, cun pé para adiante e outro para atrás, bailando entre a tradición e a actualidade. O ritmo emana do propio contar, da lingua.

• VENRES, 26 •

MAXIA de Mago Paco


Un espectáculo que trata contidos como os efectos ópticos, matemáticas, o son e a astronomía dunha forma práctica, dinámica e moi entretida, interactuando constantemente cos rapaces e rapazas, facéndoos partícipes, e protagonistas de cada experiencia.



Actividades abertas ao público

Do día 22 ao 26 de abril de 2024

De luns a venres, ás 18:00 horas



TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA

• LUNS, 22 •

Paxariña de papel de Soledad Felloza

Unha paxariña, un avión o un papaventos, cousas da maxia, colles un papel e tes un mundo novo... Contos e versos para celebrar o Día do Libro.

• MARTES, 23 •

A Caixa sen Pandora de Teatro Ghazafellos

Que pasaría se Pandora non abrise a Caixa? Repaso divertido das distintas mulleres que decidiron romper coa norma establecida e abrir a súa propia caixa iniciando un movemento imparabile pola igualdade. E en resumo, quereremos nós abrir a nosa propia caixa?

• MÉRCORES, 24 •

Vicki e a felicidade de Bandullo azul

Vicki, un neno a quen lle encanta bailar e cantar, vive nunha aldea onde as

persoas están sempre de mal humor. Un día, despois dunha conversa coa súa avoa, emprende unha viaxe na procura do segredo da felicidade, coa idea de devolverlle a alegría á xente da aldea.

• XOVES, 25 •

Travesías. Aventuras de libro de Raquel Queizás

Agardan por nós viaxes cheas de aventuras nas que coñeceremos a nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños.

• VENRES, 26 •

Hocus Pocus de Mago Paco

Un espectáculo moi participativo no que o Mago Paco fai que nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas creando un espazo aloucado, ruidoso, dinámico e cheo de sorpresas.

